

A MIÑA FILLA, A MIÑA IRMÁ

[Thomas Bidegain, 2015]

128

ESTREA EN NUMAX: 24.06.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Les Cowboys (2015, 114')

Dirección: Thomas Bidegain

Guión: Thomas Bidegain, Noé Debré

Reparto: François Damiens, Finnegan Oldfield, Agathe Dronne, Ellora Torchia, John C. Reilly, Antoine Chappey, Maxim Driesen, Jean-Louis Coulloc'h, Gilles Treton, Francis Leplay

Montaxe: Géraldine Mangenot

Dirección de arte: Merijn Sep

Vestuario: Divya Gambhir, Nidhi Gambhir, Emmanuelle Youchnovski

Son: Olivier Ranquet, Vincent Hazard

Música: Raphael Haroche

Fotografía: Arnaud Potier

Produtora: Les Productions du Trésor (Francia), Lunanime (Bélxica)

Distribuidora: Abordar Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

Mai morire, 2012

Parque vía, 2008

PREMIOS

Cannes 2015 (nomeado á Cámara de Ouro), César 2015 (4 nominacións), Ghent International Film Festival (mellor filme)

SINOPSE

Unha inmensa pradeira, no leste de Francia, acolle un encontro de amantes do estilo de vida *country* e do lonxano Oeste americano. Alain baila coa súa filla Kelly, de 16 anos, mentres a súa esposa e o fillo pequeno da familia, Kid, míranos desde un segundo plano. Pero ese mesmo día Kelly desaparece e a familia véñse abaixo.

«É apaixonante no fondo e belísimo na forma. De excelente fotografía e deseño sonoro, destaca tamén polo tratamento das elipses. Un gran filme de silenciosos e rostros»

Javier Ocaña, EL PAÍS



A MIÑA FILLA, A MIÑA IRMÁ

[Thomas Bidegain, 2015]

«O cinema é un deporte de equipo»

Entrevista a Thomas Bidegain

Por Michel Decoux-Derycke

Por que un guionista como vostede se pasa á realización? Cadaquén ten as súas pequenas razóns. No meu caso tiven moita sorte pois nunca fun un guionista frustrado. Teño traballado con grandes guionistas. Toco madeira e agardo traballar no futuro con grandes guionistas e cineastas. O primeiro que me meteu gana de ser director é o traballo cos actores. Porque podemos escribir unha escena vinte ou trinta veces mais é ao dicirlle algo ao actor na orella cando iso colle sentido. É a continuidade da escritura. Eu sempre digo «non escribimos guións, escribimos filmes». A encarnación dun actor tamén fai parte do proceso de escritura. Iso é moi importante.

O caso é que un día tiven a idea desta historia. Un amigo faloume destas reunións de xente á que lle gusta moito o country. Mostroume fotos e díxome que había que facer un western con iso e que el tiña xa a imaxe na cabeza. Efectivamente, era unha boa idea. E logo, traballando noutro proxecto escoitei falar da xihad. Daquela díxenme: «velaí, os cowboys e os indios». Porque o protagonista cre ser un cowboy e coida que os outros, os musulmáns, son os indios. A partir desta metáfora puidemos empregar moitos elementos propios do western. Moitas escenas que xa temos comprendido e amado e aquí collen un sentido máis moderno. Para o meu primeiro filme, esta metáfora permitíame emprender a viaxe, de ter unha certa seguridade. A posteriori decateime de que se trata dun filme sobre a transmisión, sobre o que aprendemos dos nosos pais e tentamos facer un pouco mellor ca eles. Meu pai sempre dicía: «recibir, celebrar, transmitir».

Cales son as súas influencias cinematográficas? A miña educación constrúese a partir dos filmes dos grandes estudos e os grandes realizadores. Desde os estudos americanos do mudo até os anos 60. Un cinema moi clásico, de xénero, desde o cinema negro da Warner até os western da MGM.

Aquí, vostede é o autor total do filme. O cinema é un deporte de equipo. Coido que é preciso confiar na xente. Cómpre que che proporcionen cousas que ti non tes na cabeza. Tiven moita sorte ao poder traballar cun equipo formidábel. É certo que hai momentos nos que estamos algo sós. Jacques Audiard díciame: «ser guionista é un oficio, ser director é un condición». Para ser cineasta cómpre situarse nunha certa condición, nunha certa enerxía.

Seguramente non tiveches problema co casting? Efectivamente, pois eu viña de traballar con actores. Se me trabucase tería feito outro filme. Estou moi contento co casting final. Tiven a sorte de que eles aceptasen seguirme nesta aventura. A Finnegan non o coñecía, a François só o vira unha vez, en *Suzanne* (Katell Quillévér, 2013), na que era tamén unha vítima. Mais no meu filme quería que fose forte e sexual. Quería atopar nel unha forza da natureza, un poderío. El é poderoso, guapo e dá algo de envexa. En canto a Finnegan é fabuloso porque achega un certo misterio, algo moi conmovedor. É un personaxe que non fala moito mais nun momento dado revélase en toda a súa complexidade.

Se lle digo que hai dous filmes n'A miña filla, a miña irmá, estaría de acordo? Eu diría que mesmo hai catro. O primeiro é unha muller que desaparece, unha investigación. O segundo, un drama familiar, un fillo que se converte en garda de seu pai. Temos tamén o filme de aventuras no que temos cabalos, turbantes e pistolas. E finalmente temos unha historia de amor.

Publicado en <http://www.6nema.net/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME